

**PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN : CURSO 2021-22**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE**

**XEOGRAFÍA E HISTORIA.**

C.P.I. A CAÑIZA – DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

MEMBROS DO DEPARTAMENTO:

RAQUEL VARELA NÓVOA: materias impartidas: Xeografía e Historia 1º de la ESO , 3º de la ESO y Valores.

ISABEL GONZÁLEZ PUGA ( profesora interina): materias impartidas: Xeografía e Historia 2º de la ESO, 1º de la ESO, Cultura Clásica de 3º de la ESO y IAEE de 4º de la ESO.

SONIA BARJA DELÁS (XEFE DO DEPARTAMENTO): Xeografía e Historia 4º ESO, Latín, Economía y Valores.

**PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua ao longo do curso. Os criterios de avaliación serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas e de consecución dos obxectivos. A cualificación de cada materia será decidida polo profesor ou profesora que a imparta en función dos criterios que se establezan en cada caso.

Instrumentos de avaliación.

- 1.- Probas escritas e telemáticas: a periodicidade será de dous exames por avaliación.
- 2.- Caderno de clase ou material telemático: debe reunir unhas condicións mínimas de organización, limpeza, lexibilidade, ortografía e composición correctas.

3.- Observación na aula: valoramos a participación dos alumnos na marcha da clase, terase en conta a actitude de respecto cara os demais membros da comunidade escolar, ás normas de convivencia, o coidado do material...

4.- Actividades e traballos complementarios.

Os mínimos esixibles para unha avaliación positiva están expostos como criterios de avaliación.

O alumnado deberá dispoñer dun cuaderno propio para a materia no que elaborará apuntamentos a partir das explicacións do profesor e resolverá os exercicios e actividades propostas. Será obriga do alumnado conservar a libreta en bo estado para que poida ser revisada regularmente polo profesor, que valorará o traballo desenvolvido nela, así como a súa presentación. As actividades desenvolvidas nas aulas e outros traballos propostos, individuais e en grupo, serán valorados para a cualificación, así como as preguntas e probas orais que se formulen.

Como procedemento de avaliación se terá en conta:

- . Memorización de información básica.
- . Capacidade de análise e relación.
- . Correcto tratamento da información escrita, incluída a ortografía e a gramática. Coa finalidade de mellorar a ortografía do alumnado, restarase 0,2 puntos, para as faltas consideradas graves, ata un máximo de 1 punto.
- . Representación gráfica de conceptos espaciais e temporais ( mapas, eixes).

1.- CUALIFICACIÓN EN MODALIDADE PRESENCIAL:

## REQUISITOS MÍNIMOS PARA OBTENER O APROBADO

En cada avaliación faranse polo menos dúas probas escritas. Para proceder a ponderación o alumno/a debe acadar un mínimo de 2,5 puntos nas probas escritas, poderá recuperar os contidos nas recuperacións establecidas.

Ainda que a nota final será a media das tres avaliacións, terase en conta o progreso do alumno-a ao longo do curso.

Valorarase o traballo do alumnado durante o curso da seguinte forma:

- Exames feitos en cada avaliación (un ou dous por trimestre). Estarán baseados nos exercicios feitos en clase, incluírán tanto preguntas teóricas como prácticas. Será necesario a obtención dunha nota mínima de 5 puntos na media das probas escritas de cada avaliación. Nas probas terase en conta a claridade expositiva, a presentación e a ortografía.

- Traballo diario na aula. Para que a avaliación do alumnado sexa positiva, deberá realizar as actividades propostas na clase. Se valora o comportamento e actitude na aula, é importante a puntualidade, a orden, limpeza e a non violencia verbal.

Nota polo caderno	Puntos avaliación
De 0 até 3 puntos	-1
de 4 até 5 puntos	0
de 6 ou 7	0,5
de 8 ou 9	0,75
un 10	1

O comportamento na aula e actitude ante a materia

Recuperación:

Haberá unha recuperación para os alumnos que teñan suspendida a avaliación. Se realizara durante o curso o no mes de xuño.

En cada unha das avaliacións e na avaliación final no mes de xuño, o alumnado recibirá unha cualificación numérica, sen decimais, entre 1 e 10. Na avaliación final considerarase que superou a materia, acadando os mínimos esixibles para unha avaliación positiva e un axeitado grao de adquisición das competencias básicas, o alumnado que reciba unha cualificación igual ou superior a 5.

O alumnado que na avaliación final obteña unha cualificación inferior a 5 ficará convocado a unha proba extraordinaria de avaliación. Para superar a materia na convocatoria extraordinaria precisarase, igualmente, unha cualificación igual ou superior a 5.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación individual: test de diagnóstico ao comenzo do curso.

Avaliación formativa : se availa o progreso dos alumnos a través de tarefas, participación, actitude en xeral.

Autoavaliación: é un bo modo de que o alumna/a se faga consciente do seu progreso.

Se terá en conta:

Actitudes:

- . Interese, participación e traballo persoal e en grupo.
- . Tolerancia, solidaridade e colaboración cos demais.
- . Participación activa en tarefas de avaliación..
- Corrección no comportamento na aula,
- Esforzó e interese
- Entrega de traballos,
- Atención a explicación e participación na clase.

Para cada avaliación se farán unha ou dous probas escritas onde se valorarán os coñecementos do alumno, a súa forma de expresarse, os contidos mínimos exisidos.

Probas escritas: realizaranse sempre que sexa posible dúas probas en cada avaliación, aínda que este dato pode variar en función das necesidades do grupo ou do profesor. Nestas probas escritas pódese expor:

- Cuestións curtas.
- Desenvolvemento de temas ou elaboraciós de esquemas.
- Definicións ou cuestións de relacionar.
- Explicacion de gráficas, mapas, climogramas..
- Iniciación ós comentarios de textos.

Nestas probas terase en conta:

- A claridade e boa exposición dos coñecementos.

- A expresión gráfica e expresión escrita.
- A orde e limpeza.

Outros aspectos que lle permiten ao profesor ter datos de cómo se desenvolve o proceso de ensino-aprendizaxe son, o caderno de clase (que reflicte o traballo diario do alumnado e pode sernos útil para a avaliación continua en especial nos cursos de 1ª e 2ª da ESO, elaboración de pequenas investigacións sobre distintos temas expostos polo profesor e que os alumnos traballan co manexo de bibliografía, enquisas, información de actualidade...

Avaliación final:

A nota numérica da avaliación final será unha media das puntuacións das avaliacións trimestrais, así como da consecución de obxectivos e adquisición das competencias básicas e das evidencias dos estándares de aprendizaxe.

Cada profesor poderá realizar as probas de recuperación que xulgue oportunas.

Avaliación extraordinaria

O alumno-a que non aprobe a asignatura na convocatoria ordinaria ,terá un que ir a convocatoria extraordinaria, baseada nos contidos mínimos. Ponderación 100%.

Importante: aprobar Xeografía e Historia II non implica ter aprobadas as de I, son materias independentes, o mesmo sucede coa Xeografía e Historia III y IV.

**CUALIFICACIÓN EN MODALIDADE SEMIPRESENCIAL:**

Valorarase o traballo do alumnado durante o curso en modalidade semipresencial da seguinte forma:

. No caso de que o tempo de semipresencialidade sexa igual ou menor a 15 días hábiles lectivos por trimestre: manteranse os criterios e porcentaxes da modalidade presencial, adaptando según o criterio do docente as datas dos exames e das entregas das distintas

actividades:

. No caso de que o tempo de semipresencialidade sexa superior a 15 días hábiles lectivos por trimestre: tomaranse como referencia os criterios de cualificación que se explican no apartado de modalidade non presencial.

.Lémbrese que se mantén que ó alumnado que copie ou intenter copiar en calquera dos aspectos avaliados no traballo diario, poderá cualificarlo directamente cun 0 (mesa actividade).

## CUALIFICACIÓN MODALIDADE NON PRESENCIAL

Valorarase o traballo do alumnado durante o curso en modalidade non presencial sa seguinte forma:

. 100% da nota a media da cualificación das actividades ( que serán de diversa índole) realizadas polo alumnado coa periodicidade esixida polo docente, diaria ou semanal (indicarase na descripción das actividades).

As datas de entrega deberanse respetar de forma escrupulosa. O docente, (que terá en conta as circunstancias do alumnado referentes a comunicación e acceso á tecnoloxía) poderá cualificar con un 0 as actividades que non se entreguen na data requerida.

Nos bloques de actividades indicaránse as cualificacións ás que se pode optar. Para poder optar a alcanzar unha cualificación global no período non presencial superior a 8, é imprescindible entregar tódalas actividades propostas durante o período lectivo non presencial.

No caso de producirse nun mesmo trimestre a necesidade de cualificar globalmente tendo en conta diferentes criterios de cualificación ( presencial, semipresencial e non presencial) procederase da seguinte forma:

- 1) Preferentemente da maneira que as autoridades educativas determinen e

comuniquen oficialmente ó profesorado. Neste caso farase público para coñecemento de país e alumnado na páxina web do instituto o una Aula Virtual.

- 2) De non producirse o feito ó que fai referencia o punto 1: terase en conta de forma cuantitativa a porcentaxe de días que se desenvolveron cada unha das modalidades citadas e calcularase a nota tendo en conta os criterios xa indicados por modalidade.

## MEODOLOXÍA NA AULA

- Actividades iniciais: determinar o nivel de coñecemento e destrezas do alumnado.
- Actividades de desenvolvemento: explicación teórica-transmisiva dos contidos, fomento da adquisición de aprendizaxes significativas, impulsar a funcionalidad das aprendizaxes.

. Metodoloxía en modalidade presencial: a que está xa na programación facendo os engadidos que consideremos precisos.

. Metodoloxía en modalidade semipresencial: compaxinaranse as metodoloxías presencial e non presencial, según se indica na programación.

. Metodoloxía en modalidade non presencial: tipo de actividades: tarefas ou actividades diarias ou semanas de repaso, reforzo, recuperación e ampliación.

Materiais e recursos: libro de texto, aula virtual, ficheiros en diferentes formatos dixitais (PDF, WORD, etc.), ligazóns a páxinas web de internet.

Metodoloxía alumnado con conectividade: Seguimento individualizado a través dos recursos indicados na Aula Virtual, no correo electrónico ou por videoconferencia. Envío , recepción e corrección de actividades así como a resolución de dúbidas por



estes medios.

Metodoloxía alumnado sen conectividade: contéplase chegado o caso o uso de medios físicos convencionais: actividades do libro de texto, tarefas e fichas impresas, que serán comunicados ou entregados por medio do centro cos recursos que habiliten para este tipo de situacións as diferentes administración: local, autonómica e estatal.

#### MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- . Materiais escritos: libro de texto
- . Materiais dixital: edición dixital do libro.
- .Material gráfico: mapas, murais, fotografías, prensa...
- . Informático: webs de contido xeográfico, histórico e cultural.

#### APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR:

Plan de reforzo e recuperación.

Abordaranse da seguinte maneira : ó traballar destrezas básicas para o estudio da historia (eixos cronolóxicoa, comentarios de mapas...) utilizaranse exemplos relativos a estes contidos non adquiridos. Tamén se abordarán mediante actividades concretas: traballos complementarios, traballos de ampliación, postas en común, debates, lecturas e comentarios de artigos de prensa e textos históricos, visionado de documentais ou audiovisuais relacionados con esta etapa histórica.

1º ESO: recollida na Programación

3º ESO: recollida na Programación

## 2º ESO:

### 1.- As civilizacións fluviais: Mesopotamia e Exipto

- . Criterios de avaliación: Coñecer as bases da civilización mesopotámica e Grega.
- . Estándares de aprendizaxe: Analizar e interpretar una pirámide social.

### 2.- A civilización grega:

- . Criterios de avaliación: Coñece as bases da economía e sociedade grega.
- . Estándares de aprendizaxe : Sintetiza información nun cadro cronolóxico.

### 3.- A civilización romana:

- . Criterios de avaliación: Coñece as bases da economía e sociedade romana.
- . Estándares de aprendizaxe: Descrbe a estrutura social na antiga Grecia.

### 4.- O territorio de España e de Galicia na Antigüedad:

- . Criterios de avaliación: Comprende a conquista romana de Hispania.
- . Estándares de aprendizaxe: Comprende a conquista romana a través de mapas.

## 4º ESO:

### 1.- A sustentabilidade ambiental:

- . Criterios de avaliación: Coñecer e analizar os problemas e retos ambientais que afronta España, á súa orixe e ás posibles solución.
- . Estándares de aprendizaxe: Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.

### 2.- A idade moderna , una nova era:

- . Criterios de avaliación: Analizar o reinado dos Reis Católicos como una Etapa de transición.
- . Estándares de aprendizaxe: Coñecer os principais feitos de expansión de Aragón e de Castela polo mundo.

### 3.- Renacemento e Reforma:

- . Criterios de avaliación: Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa.
- . Estándares de aprendizaxe: Identificar trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas.

### 4.- A formación do Imperio español:

- . Criterios de avaliación: Entender os procesos de conquista e colonización e as súas consecuencias.
- . Estándares de aprendizaxe: Explicar as distintas causas que conduciron Ao descubrimento de América e a súa colonización.

## CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

O proceso de avaliación será como dixemos continuo e integrador, constando de tres avaliacións . A avaliación positiva precisará que o alumno domine os contidos mínimos especificados anteriormente para cada materia e tendo en conta os criterios de avaliación xa especificados. Terase en conta:

- Desenvolvemento do traballo diario na clase.
- Control do traballo que os alumnos deben realizar na casa.
- Participación activa na clase.
- Adquisición dun vocabulario axeitado da materia.
- Observación da actitude do alumnado: atención prestada, curiosidade, esforzo, realización das tarefas, comportamento cara os compañeiros e o profesor.

Co obxectivo de valorar todo o dito ata agora, outórgaselle a todos estes aspectos un valor porcentual para o cálculo da avaliación final:

#### 1º ESO:

- . Os contidos representan un 75%
- . O traballo individual 15%
- . A actitude e o traballo da aula 10%

#### 3º ESO:

- . Os contidos representan un 80%.
- . O traballo individual un 10%
- . Actitude e o traballo da aula 10%

#### 4º ESO:

- A observación directa do comportamento e a actitude cara a materia representará un 0,5% do valor da nota final.
- Os procedementos representarán un 10% da nota final.
- Os contidos representarán un 85 % da nota final.

#### 2º ESO:

- Os contidos representarán un 75%
- O traballo individual un 15%
- A actitude e o traballo da aula 10%

#### CULTURA CLÁSICA:

- Os contidos 40%
- Traballos 40%
- Actitude e traballo na aula 20%

#### LATÍN:

- Os contidos representan un 85%.
- O traballo individual un 15%
- Actitude e traballo na aula 5%

## INICIACIÓN A ACTIVIDADE EMPRENDEDORA Y EMPRESARIAL

- Os contidos representan un 40%
- Os traballos representan un 40%
- Actitude e traballo na aula 20%

### ECONOMÍA:

- Os contidos 85%
- O traballo individual 15%
- Actitude na aula 5%

Terase en conta aspectos coma a boa redacción, a utilización dun vocabulario axeitado, a boa organización dos contidos, as faltas de ortografía.

Calquera proba de avaliación poderá considerarse suspensa (cualificación de 0 puntos) se hai constancia de que o alumno-a copiou, permitiu copiar. O profesor tamén poderá rexeitar un examen ou exercicio se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible. Para aprobar a avaliación hai que obter unha nota mínima de 5 e en ningunha das probas se pode ter unha nota inferior a 2,5.

O alumnado que sexa avaliado negativamente nunha das avaliacións terá dereito a unha proba de recuperación.

Ao final do curso poderase realizar novas probas de recuperación para aquel alumnado que non acadara cualificación positiva nalgunha/s das avaliacións desenvolvidas.

Na proba extraordinaria dado o seu carácter de proba única e extraordinaria, será necesario obter un 5 na proba obxectiva.

Se nunha proba se detecta algún comportamento fraudulento esa proba terá una valoración de 0.

A falta a una proba escrita e/ou oral por enfermidade ou outra causa debe ser comunicada

ao profesor, no seu defecto, á Xefatura de Estudos. O alumnado que falte a una proba debe presentar xustificación dentro das 72 horas seguintes á súa incorporación á aula.

Aquel alumnado que non presente o caderno de aula durante a avaliación ou non faga as actividades indicadas polo profesorado non terá dereito a realizar a recuperación.

A reiteración en comportamentos impropios e prexudiciais influirá de maneira negativa na nota final.

Valores: 100 % traballos y actividades, sin examen.

Actividades de recuperación:

Despois de cada avaliación realizarase unha proba de recuperación.

. Mes de xaneiro: proba de recuperación da 1ª avaliación.

. Mes de abril: proba de recuperación da 2ª avaliación.

. Mes de xuño: proba de recuperación da 3ª avaliación.

## TEMPORALIZACIÓN

- Avaliación inicial: 5 e 6 de outubro.
- Primeira avaliación: 30 de novembro ( 1º e 2º ESO) e 1 de decembro (3º e 4º ESO)
- Segunda avaliación: 22 de febreiro ( 1º e 2º ESO) e 23 de febreiro (3º y 4º ESO)
- Terceira avaliación: 7 de xuño (1º e 2º ESO) e 8 de xuño ( 3º y 4º ESO).
- Avaliación extraordinaria: 23 de xuño.

## GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

1º ESO:

- Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da Terra e a existencia das estacións e do día e da noite.
- Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite utilizando

coordenadas xeográficas.

- Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundial, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas.
- Coñecer e valorar a acción humana sobre o ambiente e as súas consecuencias.
- Ter unha visión global do medio físico europeo.
- Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.
- Coñecer e comparar os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.
- Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.
- Identificar e nomear e clasificar fontes históricas.
- Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga.
- Entender o proceso de hominización.
- Datar a Prehistoria e a Idade Antiga.
- Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión.
- Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.
- Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e Mesopotamia.
- Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión.
- Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.
- Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.
- Entender o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.
- Ordenar temporalmente algúns feitos históricos.
- Distingue etapas dentro da historia antiga.
- Confecciona un mapa das etapas da expansión de Roma.
- Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.
- Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflictenos cambios administrativos en época romana.

## 2º ESO

- . Coñece as unidades de relevo de España.
- . Reflexiona sobre os modelos de consumo e as relacións entre natureza e sociedade.
- . Recoñece as principais características dos diferentes modelos e réximes demográficos.
- . Elabora pirámides de poboación.
- . Coñece a distribución e estrutura da poboación española.
- . Entende o problema do envellecemento da poboación en España.
- . Recoñece a diversidade cultural e social nas sociedades europea e española.
- . Entende a problemática da emigración e inmigración na España actual.
- . Define o concepto de cidade, as morfoloxías e as funcións urbanas.
- . Identifica o espazo urbano e os problemas das grandes cidades.
- . Recoñece os principais reinos xermánicos europeos.
- . Principais características dos pobos xermánicos e do islam medieval
- . Recoñecer os elementos básicos dos estilos artísticos románico e gótico.
- . Localiza no mapa a expansión do Islám.
- . Distingue as etapas e formas de goberno na historia de Al-Andalus.
- . Coñece a economía e a organización social de Al-Andalus
- . Identifica as funcións da monarquía feudal e a composición dos estamentos da sociedade medieval.
- . Entende o que é o feudo e a vida dos campesinos durante a Idade Media, así como a importancia da Igrexa.
- . Coñece a orixe dos primeiros reinos peninsulares: a evolución das fronteiras do SVIII a XII.
- .
- . Coñecer os principais trazos da organización política e económica dos reinos cristiáns hispánicos.



- . Coñecer como cambiou a concepción do mundo despois dos descubrimentos do século XV.
- . Coñece os grandes reinos peninsulares do S.XIII-XV: a repoboacións, a diversidade cultural as institución da Coroa de Castela e de Aragón.

### 3º ESO

- .Clasificar e distinguir tipos de mapas e imaxes satélite.
- . Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.
- . Coñecer o mapa político e distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
- . Comparar a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento.
- .Comparar a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.
- . Coñecer as distintas formas de representación do espazo terrestre.
- . Diferenciar as distintas formas do relevo continental
- . Definir os conceptos de tempo e clima.
- . Describir os climas da Terra r diferencia as variedades climáticas.
- . Coñecer a organización administrativa e territorial de España.
- . Recoñecer as actividades económicas de Europa.
- Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos.
- Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial.
- Explicar e localizar os tipos de pesca e os seus problemas.

- Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo.
- Entender os fluxos e os bloques comerciais.
- . Describir as características do comercio internacional na actualidade.
- . Identificar os tipos de turismo e os seus efectos.
- . Valorar a importancia do turismo na economía española e galega.
- Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica.
- . realizar diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
- . Utilizar o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
- . Distinguir modos de periodización histórica.
- . Identificar trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea.
- . Distinguir as características de rexímenes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.
- . Explicar as causas que conduciron á descuberta de América para Europa.
- . Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos “Trinta Anos.
- Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa.
- Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión .
- Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas.
- Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.

#### 4º ESO

- 1.- Expoñer as características sociais, económicas e políticas do Antigo Réxime.
- As causas da Revolución Francesa.
- 2.- Recoñecer a influencia da Revolución Francesa no mundo occidental
- 3.- A figura de Napoleón, o Consulado e o Imperio.
- .Coñecer os enfrontamentos entre absolutismo e o liberalismo.

- . As causas e as consecuencias da Revolución Francesa.
- . O desenvolvemento industrial e as súas repercusións.
- 2.- Identificar os trazos fundamentais das revolucións industriais e liberal-burguesa-
- 3.- Explicar as razóns da hexemonía política e económica de España e de Galicia
- .A invasión napoleónica e a Guerra da Independencia.
- . Os reinados de Fernando VII e Isabel II
- . As consecuencias da Revolución Industrial en España.
- . A arte do Século XIX en España.
- . As causas da expansión imperialista.
- . A repartición dos imperios coloniais.
- . A situación de España no primeiro terzo do século XX: a ditadura de Primo de Rivera, a Segunda República e as súas formas.
- . A Segunda Guerra Mundial: causas, o seu desenvolvemento, consecuencias. O Holocausto xudeo.
- 4.- Analizar os procesos de cambio desde a segunda metade do século XX.
- 5.- Caracterizar e situar cronolóxicamente e xeograficamente as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar na primeira metade do século XX.
  
- . As causas e desenvolvemento da Primeira Guerra Mundial.
- .As causas e o desenvolvemento da Revolución Rusa.
- . A situación durante o período de entreguerras .
- 6.- Analizar os procesos de cambio desde a segunda metade do século XX.
- 7. Definir nacionalismo e as súas consecuencias.
- 8.- Coñecer o reinado de Filipe VII e Isabel II.
- 9.- Coñecer as características do fascismo e do nazismo.
- 10.- Comprender as causas e consecuencias da Primeira e a Segunda Guerra Mundial.
- 11.- Recoñecer as características da Guerra Fría.
- 12. Describir os factores e as consecuencias da descolonización.
- 13- Explicar as características e as fases da ditadura de Franco.

## DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

A avaliación inicial recolle información relevante do alumno e nos axuda a construír o programa educativo acorde cos obxectivos xerais de aula. Necesitamos saber que é o que alumno-a coñece e sabe facer, con que axudas mellora e cales son os seus intereses e motivacións.

Nas primeiras semanas do curso procederáse a realizar unha serie de probas para ver o nivel co que chega o alumnado a cada curso. Son modelos de examen onde a parte de contidos é simplemente un referente para o profesor xa que miraranse aspectos como a expresión verbal, a redacción dos contidos, a capacidade comprensiva, nivel de lectoescritura etc., esta avaliación inicial terá interese para os alumnos de 1º da ESO. Teremos tamén en conta a existencia de informes finais individualizados. Unha vez obtida a información necesaria, recolleráse no correspondente modelo de informe de avaliación inicial e porase en común na xunta de avaliación inicial.

Proba escrita onde se analiza:

- . vocabulario
- . situar no mapa
- . conceptos sinxelos
- . capacidade para expresarse
- . comprensión escrita
- . comprensión oral.

AVALIACIÓNS:

1º ESO:

1ª Avaluación temas :1,2,3,4.

2ª Avaluación temas: 5,6,7,8.

3ª Avaluación temas: 9,10, 11,12.

2º ESO:

1ª Avaluación temas:1,2,3,4.

2ª Avaluación temas:5,6,7,8.

3ª Avaluación temas: 9,10,11,12.

3º ESO:

1ª Avaluación: temas: 1,2,3,4.

2ª Avaluación: temas: 5,6,7,8.

3ª Avaluación: temas: 9,10,11,12.

4º ESO:

1ª Avaluación: temas: 1,2,3,4.

2ª Avaluación: temas: 5,6,7,8.

3ª Avaluación: temas: 9, 10, 11,12.

**MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ADAPTACIONES CURRICULARES.**

Serán de dous tipos: ordinarias e específicas, tendo sempre en conta o marco de cada grupo en concreto.

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de recopilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos, como ,mínimo coñecer:

- . O número de alumnos.
- . O funcionamento do grupo ( clima da aula, nivel de disciplina, atención...),
- . As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares)
- . As fortalezas que se identifican no grupo en canto aspectos competenciais.
- . Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos para os traballos cooperativos.
- . Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos noso estudantes. A partir dela poderemos:

- . Identificar os alumnos que necesitan maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe ( alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades).
- . Saber as medidas organizativas a adoptar ( planificación de reforzos)
- . Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

. Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente, co titor.

Continuaremos traballando coas adaptacións curriculares daqueles alumnos-as que as sigan precisando e elaboraremos novas adaptacións a aqueles que as precisen despois de realizar a avaliación inicial.

Os alumnos con necesidades especiais irán a clase de apoio cos PT.

.Medidas ordinarias: Farase Reforzo educativo cada sexa preciso.

.Medidas específicas: Adaptacións curriculares cando sexán necesarias e seguindo a evolución das que xa se fixeron nos cursos anteriores.

Na adopción de medidas de atención á diversidade contarase co asesoramento e colaboración do Departamento de Orientación do centro e do titor do grupo ao que pertenza o alumnado obxecto das mesmas.

O conxunto de contidos que se tratan na Adaptación Curricular responden aos mínimos establecidos polo Ministerio de Educación.

As adaptacións en metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividade como consecuencia de:

- Os distintos graos de coñecemento previos detectados nos alumnos.
- A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade entre os alumnos.
- A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados

alumnos.

Os instrumentos para atender á diversidade dos diferentes alumnos:

- Variedade metodolóxica.
- Variedade de actividades de reforzo.
- Diversidade de mecanismos de recuperación.
- Traballos voluntarios.
- Traballo en pequenos grupos.

Para atender diferentes ritmos de aprendizaxe , deseñáronse programas específicos de reforzo e ampliación destinados a melloraren as posibilidades de alcanzar os obxectivos educacionais nas diferentes etapas. Estes compñentes están incorporados na programación das unidades didácticas.

Atención a alumnos con ADAPTACIÓN CURRICULAR.

Ao alumnado con ACI facilitaráselle o material para traballar na aula que consistirá nun libro de texto adaptado ás súas necesidades ou nunha serie de fichas cun mínimo de teoría e tarefas prácticas que axuden á comprensión dos contidos e á consecución dos obxectivos e as competencias básicas. O normal será a combinación do traballo nos libros de tecto adaptados e as fichas. Realizaranse tamen probas escritas.



## **ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

O profesorado responsable da avaliación das materias pendentes dos cursos anteriores será aquel ao que lle corresponda a docencia da materia coa mesma denominación no presente curso académico.

Establecerase un plan de traballo para as materias dos tres primeiros cursos da E.S.O. relacionado cos contidos e criterios mínimos esixibles para unha avaliación positiva en cada un deles.

Ao longo dos dous primeiros trimestres proporcionaráselle ao alumnado nestas condicións unha serie de actividades que deberán elaborar e entregar nas datas concretas que se lles indiquen. Igualmente, celebraranse unha serie de probas de control sobre esas actividades e os seus contidos. A cualificación correspondente á materia pendente en cada unha das avaliacións que se celebren ao longo do curso basearase nestes elementos de xuízo; dita cualificación será meramente orientativa e non implicará en ningún caso a superación íntegra da materia pendente (só terá carácter definitivo a cualificación da avaliación final en xuño). O alumnado que entregue correctamente resoltas as actividades propostas e obteña resultados satisfactorios nesas probas será declarado aprobado na materia pendente e na avaliación final outorgaráselle a cualificación que corresponda (igual ou superior a 5).

O alumnado que non as entregue, ou ténndoas entregado non acade os resultados satisfactorios en relación aos mínimos esixibles para unha avaliación positiva, será convocado a unha proba extraordinaria que se celebrará durante o mes de maio.

Quen non acade nesa proba de maio os mínimos esixibles será cualificado cunha puntuación inferior a 5 e poderá concurrir a unha nova proba extraordinaria, no mes de setembro.

## CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

En clase se atenderán os seguintes aspectos:

- . Lectura do libro de texto e resolución de cuestión sobre o mesmo.
- . Iniciación ós comentarios histórico-xeográficos quiados de pequenos textos.

Contribución ao proxecto lingüístico: a materia impartirase en galego, tamén o libro de texto está no moso idioma. Intentarase que todo o material complementario que se entregue ó alumnado estea no idioma propio de Galicia.

Fomentarase o uso do galego nas exposiciónes, traballosa e probas do alumnado.

## CONTRIBUCIÓN O PLAN DAS TICS:

- . Iniciación as técnicas de busca en Internet.
- . Busca de información e de recursos sobre a asignatura en Internet.
- . Exposición de presentación en “powerpoints” na aula.
- . Elaboración dun pequeno básico catálogo de dirección de Internet.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Podemos definir as actividades complementarias e extraescolares como aquelas que contribúen ao desenvolvemento integral da personalidade do alumno e constitúen un campo específico para a iniciativa e a capacidade de organización do centro.

Visitas propostas para:

1ºESO: visita o Castro de San Cibrao de Las ( 2º trimestre).

2ºESO: participar co departamento de música nunha visita a Celanova, concerto didáctico no Mosteiro e visita guiada a Castro Mao.(3º trimestre).

3ºESO: visita ao Parlamento de Galicia e roteiro polo casco histórico.